

PLENO 31.03.2000. ORDENANZA REGULADORA ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUITO (BOP 12-06-00) modificada (BOP 02-08-02)

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUITO.

ZONA AZUL

ARTIGO 1.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora de Bases do Réxime Local, e das disposicións contidas no R.D. Lexislativo 339/90, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como o R.D. 1.398/93 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Procedemento do exercicio da Postestade Sancionadora, díctase a presente ordenanza que ten por obxecto regula-lo estacionamento limitado-gratuito (zona azul).

ARTIGO 2.

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtude das facultades que se recoñecen ó Concello no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local, de 2 de abril (BOE do 3 de abril de 1985), e no art. 7 do texto articulado da Lei sobre Tráfico e Circulación e Seguridade Vial, de 2 de maio de 1990 (Real Decreto Lexislativo nº 339), créase o “Servicio de Zona Azul”, que pretende acada-lo acceso igualitario e limitado de tódolos condutores ó aparcamento nas zonas onde este é especialmente escaso.

ARTIGO 3.

Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para iso, e que se determinarán por medio dun Bando da Alcaldía (ver Anexo 1) que en todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización, someterase ás seguintes determinacións:

- 1.- O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante horario, que indicará a hora e o día do mes, ou semana, do estacionamento. (Ver Anexo 2).
- 2.- O condutor do vehículo está obrigado a coloca-lo disco horario no lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.
- 3.- O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será de unha hora e media.
- 4.- Quedan excluídos desta limitación, os vehículos da policía, protección civil bombeiros, ambulancias e personal sanitario en servizo de urxencia.
- 5.- Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá de abandona-lo aparcamento, e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorridas dúas horas.
- 6.- O horario de limitación comprenderá de 09,00 a 14,00 e de 16 a 21,00 horas. Agás os domingos e festivos non laborables, que non haberá limitación.
- 7.- Despois de sinala-la hora de chegada no disco horario, non se poderá variar ata que o vehículo abandone o estacionamento en zona azul.

ARTIGO 4.

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

- 1.- A falta de disco comprobante horario.
- 2.- Sobrepassa-lo límite horario indicado no comprobante.
- 3.- Modifica-la hora de chegada despois do estacionamento.
- 4.- Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza, antes de transcorrer 2 horas contadas desde a hora de chegada.
- 5.- Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ó espazo marcado para o vehículo.

ARTIGO 5.

As infraccións sinaladas nos apartados 1, 2, 4 e 5 do artigo anterior serán sancionadas con multa de CATRO MIL PESETAS, e a sinalada no apartado 3 con multa de SEIS MIL PESETAS.

As devanditas multas se reducirán nun 50% si se fixeran efectivas dentro do prazo de dez días contados a partir da notificación da denuncia.

ARTIGO 6.

Cando un vehículo esté estacionado en zona de estacionamento regulado e con horario limitado durante mais dunha hora e media, contada desde que fora denunciado polo incumprimento das normas que regulen este tipo de estacionamento, poderá ser inmovilizado, ó obxecto de identifica-lo seu

conductor e notifica-la denuncia pertinente; se fora reincidente, poderá ser retirado e trasladado ó Depósito Municipal. Neste caso, notificarase á persoa que pida a devolución do vehículo os gastos que supoñan a inmovilización, o traslado e o depósito, segundo proceda.

DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza, que consta de 6 artigos e unha Disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO Nº 1

B A N D O

ESTACIONAMENTO LIMITADO-GRATUITO ZONA AZUL

O Alcalde-Presidente do Illmo. Concello de Caldas de Reis

FAI SABER:

Que tendo en conta a competencia municipal recoñecida no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local de 2 de abril de 1985 (BOE de 3 de abril de 1985) e o artigo 7 do tecto articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial de 2 de marzo de 1990 (Real Decreto Lexislativo nº 339), dende o día nas rúas Pedro Mateo Sagasta a partires das Palmeiras, Dolores Mosquera ata a ponte sobre o río Bermaña e Juan Fuentes ata a rúa da Tafona; o estacionamento de vehículos non poderá ser superior a UNHA HORA E MEDIA.

Pídese a colaboración dos cidadáns –en especial ós residentes na zona- para conseguir unha circulación máis fluida e facilita-lo acceso ó comercio local.

Caldas de Reis,

ANEXO Nº 2

MODELO COMPROBANTE DE DISCO HORARIO

Tamaño: 11 x 11 cm.

Materiales: Aluminio, Plástico, Cartulina.

Color: Poderá realizarse en varios colores, sempre que os recuadros destinados á hora e data sexan perfectamente visibles, con fondo branco e caracteres en azul, negro ou bermello.

CONCELLO DE CALDAS DE REIS
Concellería de Tráfico

SERVICIO DE ZONA AZUL

HORA DE CHEGADA
17.00 a 17,30

HORA LIMITE
19.00

DISCO DE CONTROL HORARIO

Axuste a hora de chegada á ZONA AZUL e deixe este disco fronte o parabrisas do seu vehículo en lugar ben visible desde o exterior.

Dispón vostede ata a HORA LÍMITE para permanecer estacionado na ZONA AZUL.

MODIFICACION PLENO 26.04.02 (BOP 02-08-2002)

Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ESTACIONAMIENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUÍTO, introduciendo as modificacións seguintes:

“Artigo 5.-

As infraccións sinaladas nos apartados 1, 2, 4 e 5 do artigo anterior serán sancionadas con multas de 24,00 € e a sinalada no apartado 3 con multa de 36,00 €

Durante o prazo de dez días seguintes ó da notificación da denuncia, poderá facer efectiva a multa na Tesourería deste Concello, coa redución prevista na normativa vixente sen prexuízo de facer uso do seu dereito de presentar alegacións no expediente.”